

ORDENANZA NÚM. 50

Reglamento Especial de Honras, Distincións e Protocolo Cerimonial do Concello de Vilalba

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do uso dos emblemas municipais, distintivos e nomeamentos honoríficos que concede o Concello de Vilalba, así como o procedemento para a súa concesión.

As mencións, felicitacións, homenaxes e demais actos irán encamiñados a premiar especiais merecementos, calidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados, persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 2.

Todas as distincións ás que fai referencia este regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, polo tanto, outorguen ningún dereito administrativo, nin de carácter económico. Todas as distincións teñen o dereito a quen o ostente a ocupar o lugar preferente que sinale o protocolo nos actos organizados polo Concello de Vilalba aos que sexan invitados.

Artigo 3.

Ningún distintivo honorífico, nin nomeamento poderá ser outorgado a persoas que desempeñen en activo cargos na Administración e respecto aos cales se encontre a Corporación en relación subordinada de xerarquía, función ou servizo, en tanto subsistan este motivos a excepción da Casa Real.

CAPITULO II USO DO ESCUDO E DA BANDEIRA.

A bandeira e o escudo simbolizan a identidade propia de Vilalba, de acordo co estipulado no **Decreto da Xunta de Galicia 416/87, do 12 de novembro.**

Artigo 4.

O escudo do Excmo. Concello de Vilalba debe figurar.

1. Na bandeira de Vilalba.
2. Nas placas e fachadas dos edificios públicos dependentes deste Excmo. Concello.
3. Nos bens e inmobles públicos de uso oficiais nos que, polo seu carácter representativo, deben figurar os símbolos de Vilalba.
4. As publicacións que edite a Corporación (libros, xornais, revistas, ...); os documentos, impresos, cabeceiras, selos de tinta, lacre ou en seco, de uso oficial polo Concello.
5. Nos títulos, diplomas, pergamiños, e demais documentos que sirvan de soporte a premios honras e distincións, concedidas pola Corporación conforme ao establecido no

correspondente regulamento para a concesión de honras e distincións.

6. Nas medallas, distintivos, e emblemas utilizados oficialmente polos membros desta Corporación Municipal, así como polas entidades e persoas físicas que foran distinguidas pola Corporación.
7. Nos demais casos nos que, regulamentariamente, sexan establecidos por este Concello.
8. Non obstante, o establecido no artigo anterior, manteranse os escudos existentes en todos aqueles bens ou inmobles que sexan de interese histórico, cultural ou artístico.
9. As entidades de carácter cultural ou deportivo que viñesen usando, sen ánimo de lucro, o escudo da vila, en calquera das súas variantes, poderán seguir usando, despois da autorización do Concello, que garantirá que aquel uso non menoscabe a súa alta significación.
10. Todas as entidades mercantís ou particulares que, con ánimo de lucro, aspiren a facer uso do escudo da vila, para incorporalo aos produtos por eles fabricados, obxectos artísticos e de artesanía, tarxetas postais ou similares, e, en xeral, os denominados como "recordo turístico", deberán obter autorización expresa deste Concello, que, á vista das circunstancias concorrentes, estimará ou desestimará a petición, segundo conveña ao prestixio e dignificación do escudo.
11. Para a obtención das autorizacións que se refiren aos tres puntos anteriores os interesados formularán unha solicitude dirixida ao/á Sr./Sra. alcalde/esa- presidente, facendo constar nesta:
 - a) nome, apelidos e domicilio do interesado, ou denominación social se se trata de persoa xurídica e, no seu caso, da persoa que os represente.
 - b) Feitos e razóns que motiven a solicitude, na que deben concretarse con toda claridade a petición; detallarse a finalidade perseguida na utilización do escudo, forma na que se prevexa realizala e calqueroutro dato que se estime de interese xustificativo da autorización que se pretenda.
 - c) Lugar, data e sinatura do solicitante.
12. O alcalde/esa-presidente ou concelleiro/a delegado/a, á vista dos antecedentes que figuran no expediente, resolverá, en consecuencia, podendo, cando o considere oportuno, requirir informe das persoas ou institucións que á súa opinión xulgue conveniente coñecer.
13. As autorizacións que se outorguen quedan estritamente limitadas aos usos para os que foron concedidas, e quedan sen efecto cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou sexan incumplidas as condicións a que estiveron subordinadas.

Artigo 5.

A Bandeira do Excmo. Concello de Vilalba.

A bandeira da vila ondeará no exterior de todos os edificios públicos municipais, ocupando lugar preferente xunto coa bandeira de España, xunto á bandeira da Comunidade Autónoma de Galicia e, no seu caso, coa bandeira da Comunidade Europea.

- Da mesma forma ocupará lugar preferente no interior dos edificios públicos, de conformidade co disposto no **artigo 3.1 da Lei 39/1981, do 28 de outubro, reguladora do uso da bandeira de España e doutras bandeiras.**
- De concorrer conxuntamente con outras bandeiras o tamaño da bandeira do municipio de Vilalba será igual á das outras bandeiras.
- Prohíbese a utilización na bandeira municipal de calquera símbolo ou siglas de partidos políticos, sindicatos, asociacións ou entidades privadas; igualmente, queda prohibida a utilización, tanto do escudo como da bandeira de Vilalba, en calquera dos símbolos ou siglas anteriores, así como na publicidade, anagramas comerciais ou similares, salvo os supostos contemplados nos puntos 7 e seguintes do uso do escudo.

CAPITULO III MEMBROS DA CORPORACIÓN

Artigo 6.

De conformidade co establecido na lexislación vixente, o alcalde/esa da Vilalba terá o tratamento de señor/a. Nos escritos utilizarase a expresión de señor/a. Os tenentes de alcalde/esa cando substitúan ao alcalde/esa, gozarán do mesmo tratamento.

Artigo 7.

Os atributos representativos do cargo de alcalde/esa-presidente será a Medalla co escudo municipal e o Bastón con empuñadura dourada, co mesmo escudo e borlas. Iguais atributos corresponderán aos tenentes de alcalde cando substitúan ao alcalde.

Artigo 8.

O alcalde/esa utilizará a Medalla e ou Bastón no seu día de toma de posesión e naqueles actos que, pola súa solemnidade, así o requiran.

Os atributos constituídos polas Medallas e Bastón ao que se refiren os artigos anteriores son propiedade municipal, polo que serán devoltos á Corporación cando cesen os titulares no cargo polo que foron elixidos.

A presidencia dos actos corporativos municipais, no caso de ausencia ou de enfermidade do alcalde/esa corresponderá ao tenente de alcalde/esa, que, por orde de nomeamento o teña substituído.

CAPITULO IV. DO PROCEDEMENTO

Artigo 9.

Os distintivos e nomeamentos outorgaranse despois dun expediente que se iniciará por decreto da alcaldía, ben por propia iniciativa ou requirimento dos dous terzos dos membros que integran a Corporación Municipal, unha ou varias asociacións ou entidades cidadás

representativas con arraigamento. Incorporarase unha dilixencia ou unha carta na que se lle notificará o acordo da concesión ao nomeado e este deberá aceptala ou rexeitala.

Artigo 10.

Os peticionarios/as presentarán xunto coa súa solicitude unha memoria xustificativa dos méritos e das circunstancias que aconsellen ou xustifiquen o seu outorgamento da distinción.

O dito expediente deberá ter a finalidade de premiar a aquelas persoas que prestasen servizos extraordinarios relevantes para os intereses xerais do municipio que as fagan merecentes do agradecemento e da gratitude dos cidadáns.

Artigo 11.

Unha vez finalizadas as actuacións, para as que se fixa un prazo máximo de un mes, o instrutor formulará unha proposta de resolución, remitindo o expediente con todo o actuado ao/ á Sr./Sra. alcalde/esa, que someterá o expediente ao Pleno da Corporación, que necesitará o voto dos dous terzos dos membros da Corporación, para a validez do acordo que adopte outorgando os distintos nomeamentos.

Artigo 12.

A concesión das distincións e nomeamentos serán entregados en instalacións axeitadas con asistencia do Pleno da Corporación e a aquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes, persoas distinguidas ou que sexan merecedoras dalgunha distinción, atendidas ás circunstancias de cada caso.

CAPITULO V.

DOS NOMEAMENTOS, HONRAS E DISTINCIÓNS OFICIAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA.

Artigo 13.

O Pleno da Corporación poderá conferir os nomeamentos de:

- Fillo/a predilecto/a do Concello de Vilalba
- Fillo/a adoptivo/a do Concello de Vilalba
- Medalla de Ouro do Excmo. Concello de Vilalba
- Medalla de Prata do Excmo. Concello de Vilalba.
- Libro de Honra de Distincións e Nomeamentos.
- Outras mencións honoríficas: cronista da vila,

Placa conmemorativa e nome da rúa, prazas ou edificios públicos

Artigo 14.

Cos nomeamentos prémianse méritos daquelas persoas que se distinguisen polas súas calidades persoais ou méritos e que mantivesen ou establecesen unha relación continuada con Vilalba.

Artigo 15.

Para a revogación das distincións outorgadas instruírase un expediente motivado no que se lles dará audiencia ao interesados ou aos seus sucesores. O trámite será análogo ao establecido para a concesión e a falta en que se funde e deberá ser grave e afectar ás causas que motivaron o seu outorgamento.

CAPITULO VI

FILLO/A PREDILECTO/A.

Artigo 16.

O nomeamento de fillo/a predilecto/a constitúe o grao máximo das consideracións que pode outorgar a Corporación. Para que poida ser concedida a honra ou distinción de fillo/a predilecto/a, será condición indispensable que a persoa interesada nacesse na localidade, e que destaque polos seus méritos relevantes especialmente polos seus servizos en beneficio da vila, e goce de alto prestixio e consideración xeral no concepto público.

FILLO/A ADOPTIVO/A.

Artigo 17.

O nomeamento de Fillo/a Adoptivo/a que recaerá na persoa física terá a mesma consideración e xerarquía que o título de Fillo/a Predilecto/a, coa única diferenza de que se conferirá a persoas que non teñan nacido no municipio, pero que nembargante teñan un vencello moi especial con este e reúnan as condicións sinaladas no artigo anterior.

Tanto o título de Fillo/a Predilecto/a como o de Fillo/a Adoptivo/a poderá ser concedido como póstuma homenaxe ao falecemento de personalidades aos merecementos anteriormente citados.

CAPITULO VII

MEDALLA DE OURO E PRATA DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA.

Artigo 18.

A Medalla de Ouro e Prata de Vilalba respondendo a esta singularidade terá que se reservar a súa concesión a casos excepcionais, de méritos extraordinarios que concorran a personalidades, entidades ou corporación nacionais ou estranxeiras, que polos seus destacados méritos e polos relevantes servizos prestados á cidade, poidan ser considerados polo Concello de Vilalba dignas por todos os conceptos desta distinción.

A Medalla de Ouro e Prata levará gravado no anverso o escudo da vila, figurando no reverso a inscrición: "Medalla de Ouro e Prata do Excmo. Concello de Vilalba", o nome e apelidos da persoa ou denominación da entidade distinguida, e a data do acordo de concesión. A fita ou

cordón da que irá colgada a medalla, será en cor verde e branco.

Tanto a medalla como a asa da fita serán do mesmo metal que corresponda a cada categoría.

CAPITULO VIII

SINATURA NO LIBRO DE HONRA DE DISTINCIÓNS E NOMEAMENTOS.

Artigo 19.

O Excmo. Concello de Vilalba posúe un Libro de Honra de Distincións e Nomeamentos onde se irán inscribindo datos relativos ás distincións outorgadas.

CAPITULO IX

OUTRAS MENCIONS HONORÍFICAS.

CRONISTA DA VILA.

Artigo 20.

Cronista da vila é unha mención que poderá ser outorgada a aquelas persoas físicas que se distinguisen pola súa actividade en calquera tipo de actividades sociais, económicas, deportivas culturais ou de calquer outro ámbito relacionados con Vilalba.

A mención de Cronista da Vila é puramente honorífico e non leva aparelado o dereito a percibir ningunha retribución económica, sen prexuízo da compensación de gastos que poidan producirse como consecuencia do encargo conferido polo Concello de realizar algún estudo ou investigación de carácter excepcional pola súa complexidade, características ou polo investimento de traballo que requira ou que esixa a realización de viaxes ou adquisición de medios materiais específicos.

A distinción levarase a cabo en acto público solemne na data das festas patronais da vila, facendo entrega dun cadro conmemorativo con mención da Torre dos Andrade.

CAPITULO X

PLACA CONMEMORATIVA, NOME DE RÚA, PRAZAS OU EDIFICIOS PÚBLICOS.

Artigo 21.

O Pleno do Concello poderá designar unha placa conmemorativa, vía pública, praza, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada a Vilalba ou digna de merecemento respecto á vila, recoñecendo con iso especiais merecementos ou servizos extraordinarios.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento, que consta de 10 capítulos, 21 artigos, e unha disposición final, que se aprobou polo Pleno na súa sesión celebrada o día 29/09/2016, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto integramente no BOP da Provincia de Lugo, e teña transcorrido o prazo a que se refire o **artigo 65.2** en relación co **70.2**, ambos os dous da **Lei 7/85, do 2 de abril**,

reguladora das bases de réxime local, e será de aplicación despois de transcorrido o prazo de 15 días dende o seguinte ó da súa publicación no dito boletín, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.